



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA.

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente norma a aprobación dunha nova Lei de Residuos e Solos Contaminados de Galicia. O anteproxecto ten por obxecto a regulación da producción e xestión sustentable dos residuos, potenciando medidas que preveñan a súa producción e diminúan os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio, vinculados á súa xeración e xestión, á vez que se fomenta o uso sustentable dos recursos e a transición cara a unha economía circular no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

É obxecto, ademais, desta lei regular o réxime xurídico dos solos contaminados.

Esta lei substituirá a actual Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei e, en concreto:

- a) Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia
- b) Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, de rastrexabilidade de residuos.
- c) Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o catálogo de residuos de Galicia.

2. Marco normativo e competencial

No ámbito comunitario o marco xurídico ven establecido polo disposto na Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas (denominada en diante "Directiva marco de residuos").

A nivel estatal a transposición da directiva fixose a través da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Esta lei ten carácter de lexislación básica, de acordo co artigo 149.1.23^a da Constitución Española atribúe ao Estado, sen prexuízo



das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección.

A nivel autonómico a Comunidade autónoma ten competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do ambiente de acordo co disposto no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía. O Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que a Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma á que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

Polo demais, e no que se refire á competencia para a aprobación do proxecto de lei sobre o que versa o presente informe, a mesma correspónelle ao Consello da Xunta, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita lei 1/1983 e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3. Estrutura do proxecto normativo

O anteproxecto de lei consta de 92 artigos, distribuídos en nove títulos, tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.



4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse aos preceptos que lle sexan de aplicación das seguintes normas:

- Trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, o que constitúe unha maior garantía de participación cidadá, aínda que non constitúa un trámite preceptivo.
- Acordo de inicio (artigo 6.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia).
- A aprobación inicial do anteproxecto como anteproxecto de Lei pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda tivo lugar en data 05 de maio de 2019.
- Memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade (artigo 6.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia) e sobre a adecuación da iniciativa aos principios previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a teor do cal: "En todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia."
- Memoria económico financeira (artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), axustada ao modelo previsto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.
- Táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia, con consignación expresa das que han de quedar total ou parcialmente derogadas (artigo 6.3 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia).



- Publicidade nos termos previstos no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Publicouse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, constando certificado de publicación no dito portal de data 20 de febreiro de 2017.
- Trámite de participación previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE). O proxecto foi sometido a información pública de acordo cos artigos 16 a 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. O anuncio publicouse no Diario Oficial de Galicia o 8 de maio do 2019.
- Informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos (artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro). O informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos foi emitido con data de 17 de xuño de 2019.
- Informe sobre impacto de xénero (artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro). O informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade foi emitido o 5 de xuño de 2019.
- Ditame preceptivo do Consello Económico e Social, conforme ao artigo 5.1.1 a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral (artigo 8 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia e artigo 8.a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público). Na fase final da tramitación, o expediente



remítuese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 10 de decembro de 2019.

- Sometemento á Comisión de Secretarios, previa remisión do texto ás consellerías (artigo 8.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia), o día 9 de decembro de 2019.
- Elevación ao Consello da Xunta pola persoa titular da consellería (artigos 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, e 5.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia).

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o anteproxecto de Lei de Residuos e solos contaminados de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2019

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero



